



CONCELLO DE MORAÑA

*Ref.: scn*

Expediente: Parque eólico Zudreiro

Asunto: **Resolución da Xefatura Territorial da Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, pola que se somete a información pública o estudo de impacto ambiental e as solicitudes de autorización administrativa previa e de construción e aprobación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal (proxecto de interese autonómico) do proxecto do parque eólico "Zudreiro", emprazado nos concellos da Moraña e Campo Lameiro da provincia de Pontevedra (IN408A 2019/45)**

Achégolles a resolución citada no asunto, xunto coa documentación técnica asociada (proxecto técnico, estudo de impacto ambiental e proxecto de interese autonómico ) para os seguintes efectos:

- Que durante o período de información pública (30 días hábiles), manteñan exposta no seu taboleiro de anuncios a mencionada resolución e que a documentación técnica poida ser consultada nese concello polas persoas interesadas. O prazo de 30 días comezará a contar dende o día seguinte ao da publicación da resolución no Diario Oficial de Galicia. Unha vez rematado, deberán devolver a esta xefatura territorial unha dilixencia acreditativa da súa exposición, acompañando, de ser o caso, os escritos de alegacións presentados.
- Dar audiencia a ese concello en relación co proxecto sectorial de incidencia supramunicipal (proxecto de interese autonómico).
- Solicitar informe a ese concello en relación co estudo de impacto ambiental. A este respecto, o concello deberá remitir a esta xefatura territorial no prazo de 30 días hábiles o seu informe, de acordo co disposto no artigo 12 do artigo 33 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental.

A documentación pode ser descargada nas seguintes ligazóns:

Resolución de información pública:

<https://amtegabox.xunta.gal/index.php/s/x7DCALTwK2oyM4Q>

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA  
DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

Xefatura Territorial

Servizo de Enerxía e Minas

Avda. María Victoria Moreno 43, 5º

36003 Pontevedra





Proxecto técnico:

<https://amtegabox.xunta.gal/index.php/s/pPe9i5gMzNGeiRq>

Estudio de Impacto Ambiental:

<https://amtegabox.xunta.gal/index.php/s/EsJdNHc3ZQFk9wy>

Proxecto sectorial de incidencia supramunicipal (proxecto de interese autonómico):

<https://amtegabox.xunta.gal/index.php/s/xpywrfzP3D9wHDF>

Así mesmo, achégolles a separata técnica do proxecto técnico, coa solución adoptada en relación coas afeccións a bens e dereitos a cargo dese organismo. A este respecto, e de conformidade co disposto no artigo 33.14 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico de Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, modificada por la Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio a reactivación económica de Galicia, de non recibirse o seu informe no prazo de 1 mes a contar dende a recepción da presente solicitude, entenderase a conformidade co proxecto, e continuarase coa tramitación do procedemento.

A separata técnica do proxecto pode ser descargada na seguinte ligazón:

<https://amtegabox.xunta.gal/index.php/s/8HRKcEmtCAiC3QG>

Pontevedra, na data indicada á marxe

A xefa do Servizo de Enerxía e Minas

